

E D I C T O

Aprobado polo Pleno deste Concello o Orzamento municipal para 2014, por acordo adoptado en sesión plenaria ordinaria celebrada o día 28 de febreiro de 2014, e non téndose presentado reclamacións durante o prazo de exposición ó público, en cumprimento do que dispón, o artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, 2/2004 de 5 de marzo, faise público que o orzamento municipal de Oia para 2014, resumido por capítulos, resulta como sigue:

ESTADO DE GASTOS

<u>Capítulo</u>	<u>Denominación</u>	<u>Presuposto 2014</u> <u>EUROS</u>
I	Gastos de Personal.....	438.616,03
II	Gastos en bens correntes e servicios	710.771,21
III	Gastos financeiros	5.108,85
IV	Transferencias correntes	51.467,44
VI	Inversións reais	91.191,12
VII	Transferencias de capital	0,00
VIII	Activos financeiros	2.000,00
IX	Pasivos financeiros	44.915,17
TOTAL GASTOS		1.344.069,82

ESTADO DE INGRESOS

<u>Capítulo</u>	<u>Denominación</u>	<u>Presuposto 2014</u> <u>EUROS</u>
I	Impostos directos	372.000,00
II	Impostos indirectos.....	18.000,00
III	Taxas e outros ingresos.....	157.400,00
IV	Transferencias correntes	795.669,82
V	Ingresos patrimoniais	1.000,00
VI	Alleamento de inversións reais	0,00
VII	Transferencia de capital.....	0,00
VIII	Activos financeiros	0,00
IX	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL INGRESOS.....		1.344.069,82

En Oia, a 31 de marzo de 2014.—O Alcalde, Alejandro Rodríguez Rodríguez.

2014003030

* * *

PONTECESURES

A N U N C I O

Quedando elevado a definitivo, o “Regulamento Municipal da venda ambulante en mercados periódicos”, ó non terse presentado ningunha reclamación, faise público o texto íntegro para a súa entrada en vigor, de conformidade co disposto no artigo 70 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local:

**ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA VENDA AMBULANTE
EN MERCADOS PERIÓDICOS NO CONCELLO DE PONTECESURES***PREÁMBULO**CAPÍTULO 1**Disposicións xerais**ARTIGO 1.—OBXECTO E ÁMBITO.*

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación e ordenación do exercicio da venda ambulante nos mercados periódicos no termo de Pontecesures, nos espazos ou localizacións e modalidades referidas na mesma, así como o réxime sancionador aplicable ao respecto.

ARTIGO 2.—MARCO NORMATIVO.

- 1.— A Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (modificada pola Lei 27/2013 do 27 de decembro de racionalidade e sostibilidade da administración local), no seu artigo 25.2.i establece que será o Concello quen exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidade Autónomas, en materia de feiras e mercados.

A venda ambulante en mercados periódicos regularase, ademais do disposto nesta ordenanza, polo establecido na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia, e tamén polo Real Decreto 199/2010, de 26 de febreiro, do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, e polas normas sectoriais reguladoras da venda e comercialización de cada produto en concreto, e en especial os regulamentos técnico-sanitarios aplicables á produción e comercialización de cada produto, así como a Lei 14/1986 de 25 de abril, Xeral de Sanidade, e demais normativa que lle sexa de aplicación.

- 2.— Os titulares das autorizacións de venda sométense plenamente á mencionada normativa, así como a cantas disposicións e resolucións resulten de aplicación.

ARTIGO 3.—MODALIDADES DE VENDA AMBULANTE.

- 1.— A venda ambulante só poderá realizarse baixo as seguintes modalidades:
 - a) Venda ambulante en mercados periódicos: e aquela autorizada nos mercados situados en poboacións en lugares e espazos determinados e cunha periodicidade habitual establecida. Dentro deste punto están encadradas entre outras, as realizadas en feiras e mercados.
 - b) Venda ambulante en mercados fixos: aquela autorizada en lugares anexos aos mercados municipais ou de abastos, con instalacións permanentes nas poboacións.
 - c) Venda ambulante en postos instalados na vía pública: aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados.
 - d) Venda ambulante en mercados ocasionais: aquela autorizada en mercados esporádicos que teñan lugar con motivo de feiras, festas ou acontecementos populares.
 - e) Venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda: aquela realizada nos citados medios e autorizada en zonas ou lugares determinados.

ARTIGO 4.—ÁMBITO DE APLICACIÓN.

- 1.— A presente Ordenanza ten como ámbito de aplicación a modalidade de comercio ambulante realizada en mercados que se celebren regularmente, cunha periodicidade determinada, nos lugares e emplacements sinalizados expresamente nas autorizacións que se outorguen, nas datas e polo tempo determinado polo Concello.

- 2.— Quedan expresamente excluídas outras modalidades do comercio ambulante que non estean contidas dentro do ámbito de aplicación do artigo anterior.

ARTIGO 5.—COMPETENCIA.

Correspóndelle ó Concello de Pontecesures dentro do seu termo municipal, sen prexuízo das competencias doutras administracións, conceder a autorización para o uso do espazo público no seu territorio de ordenación, así como a execución, inspección e control das medidas necesarias para un desenvolvemento satisfactorio dos mercados periódicos nos que se desenvolven actividades de venda ambulante, o cumprimento dos requisitos para a obtención das licenzas, e facer cumprir esta Ordenanza.

ARTIGO 6.—DAS OBRIGAS NA VENDA.

Os vendedores ambulantes deberán cumprir no exercicio da súa actividade con toda a normativa vixente na materia do comercio e da disciplina do mercado, deberán observar as normas de competencia leal e usos mercantís, e responderán ante a administración competente en cada caso, de que os produtos obxecto de venda cumpren as condicións e requisitos esixidos pola normativa que os regula, tanto en materia sanitaria como no referente á súa presentación, etiquetaxe e demais que se establezan nelas.

ARTIGO 7.—CAUSAS DE ALTERACIÓN DA CELEBRACIÓN DOS MERCADOS.

O Concello, por causa de interese xeral, e previo cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación vixente, poderá modificar as prescricións desta Ordenanza dispoñendo o traslado dos postos de venda a outro ou outros lugares, a redución do número de postos de venda, e incluso a súa total supresión, sen que elo de lugar a indemnización algunha.

Por acordo previo e motivado de alteración dos lugares de venda ou do día da celebración do mercado periódico, polas causas anteriormente citadas, adoptarase pola Xunta de Goberno Local.

CAPÍTULO II

Da venda en mercados

ARTIGO 8.—LOCALIZACIÓN E NÚMERO DE POSTOS.

Lugar: A Plazuela. Número de postos: segundo espazo dispoñible.

Lugar: Rúa San Lois. Número de postos: segundo espazo dispoñible.

Lugar: Rúa Nova. Número de postos: segundo espazo dispoñible.

Lugar: Fachada norte da Praza de Abastos. Número de postos: segundo espazo dispoñible.

De xeito extraordinario naqueles lugares que o Concello autorice bocaterías, pulperías, churrerías e cervexerías.

Fóra das rúas e prazas sinaladas queda terminantemente prohibida a venda ambulante en mercados periódicos, salvo as autorizacións expresas concedidas polo órgano competente do Concello ao amparo do disposto nesta Ordenanza.

ARTIGO 9.—ASENTAMENTO DOS POSTOS E DO DEBER DE POSUÍR LICENZA.

En ningún caso permitirase a colocación de postos nas beirarrúas, que estorben o paso a locais comerciais, industriais e profesionais, en accesos a edificios públicos ou privados, nin en lugares que dificulten a circulación peonil ou de vehículos.

Tendo as licenzas a consideración de seren outorgadas sen prexuízo de terceiro e con natureza precaria, o exercicio de calquera actividade ou comercio na vía pública sen licenza municipal, ou sen axustarse a ela, dará lugar á retirada inmediata das instalacións, elementos e xéneros neles situados. No caso do parágrafo anterior, os interesados poderán recuperar os elementos retirados previo abono do importe dos custes de procedemento de custodia e almacenamento das mercadorías retidas.

Os/as comerciantes terán a vista na parte frontal superior e perfectamente visible a licenza aos/as axentes municipais polo que presumirase que tal licenza non existe de non presentar a mesma no momento de ser esixida polos axentes municipais.

ARTIGO 10.—PERIODICIDADE E HORARIO

O primeiro venres de cada mes, podéndose ampliar a outro/s día/s, en virtude da evolución do mercado e si existe unha demanda xustificada para dita ampliación, mediante xunta de goberno.

Horario de 09:00 h. a 14:00 horas.

O horario de acceso ao recinto de vehículos será das 07:30 h. ás 09:00 h., quedando prohibida a entrada fóra do horario indicado, así como a instalación do posto baleiro por outro vendedor.

Unha vez finalizada a operación de descarga de mercadorías non poderá permanecer no interior do recinto ningún vehículo a partir das 09:00 horas.

Horario de recollida: ata as 15:00 horas.

Todos aqueles vendedores que non tiveran levantado o seu posto ás 15:00 horas serán denunciados pola Policía Local e os vehículos retirados pola grúa.

ARTIGO 11.—PRODUTOS DE VENTA

- 1.— Non poderá concederse ningunha autorización para a venda de produtos en contra das disposicións legais e regulamentarias que resulten de aplicación, considerando que deben contar co informe favorable da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade ou organismo competente.
- 2.— Poderá limitarse a autorización dos produtos a comercializar, determinando no seu caso as autoridades sanitarias competentes a prohibición de venda de determinados produtos por razóns de hixiene, saúde pública e seguridade das persoas consumidoras ou usuarias.
- 3.— Cada comerciante non poderá vender produtos diferentes aos expresamente autorizados nos correspondentes permisos municipais.
- 4.— En atención ás características concurrentes nos diferentes mercados e modalidades de venda ambulante, o equipamento comercial da zona onde esta actividade se desenvolva, a demanda de consumo da poboación ou calquera outra circunstancia que así o xustifique, o Concello poderá limitar os produtos de venda autorizados ou o número de vendedores e vendedoras adicados á mesma especialidade comercial.

CAPÍTULO III

Procedemento

ARTIGO 12.—REQUISITOS PARA O EXERCICIO DA VENDA AMBULANTE EN MERCADOS PERIÓDICOS.

- 1.— A venda ambulante en mercados periódicos soamente poderá efectuarse nos lugares ou emplacements autorizados, nas datas e polo tempo que igualmente se determine e respecto dos produtos que, non tendo prohibida a súa venda baixo este réxime, figuran expresamente sinalados na correspondente licenza municipal.
- 2.— Para o exercicio da venda ambulante en Pontecesures, esíxese o cumprimento dos seguintes requisitos:
 - a) Estar dado de alta no imposto de actividades económicas, así como satisfacer as contribucións municipais establecidas para este tipo de venda.
 - b) Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.

- c) Estar debidamente identificado como comerciante ambulante na forma que se establece na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.
- d) No caso de estranxeiros dispoñer dos permisos de residencia e traballo que en cada caso fosen esixibles.
- e) Dispoñer da correspondente autorización municipal.
- f) Cumprir as condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos que sexan obxecto de venda.
- g) Estar ao corrente no pago das distintas obrigas tributarias no Concello de Pontecesures.
- h) No caso de vendedor de alimentos, estar en posesión do carné de manipulador de alimentos.
- i) As persoas xurídicas deberán presentar escritura de constitución e inscrición nos rexistros correspondentes.
- j) Ter contratada unha póliza de responsabilidade civil que como mínimo cubra os posibles danos a persoas ou bens de alomenos 150.000€.
- k) O Concello poderá esixir ao titular do posto, alomenos dúas veces ao ano acreditación de estar o corrente nas cotizacións sociais e demais obrigas tributarias.

ARTIGO 13.—DA LICENZA MUNICIPAL.

- 1.— As licenzas de ocupación de vía pública nos días sinalados serán expedidas pola Administración municipal, sendo da súa competencia única e exclusiva o outorgamento das mesmas.
Será competente para autorizar a venda nos lugares indicados nesta Ordenanza, unha resolución da Alcaldía, sen prexuízo de que se trate dunha competencia delegable, agás que a lexislación sectorial a atribúa expresamente a outro órgano.
- 2.— As licencias serán individuais e transferibles (art. 76.2 da vixente Lei de Comercio) e a súa duración será dun ano natural, computado desde o outorgamento, prorrogable por idénticos períodos, de manterse as circunstancias que motivaron a autorización.
- 3.— A renovación das autorizacións para a venda ambulante en mercados periódicos será anual.

ARTIGO 14.—SUXEITOS.

Poderán optar á concesión das licencias que se regulan na presente Ordenanza:

- 1.— Toda persoa física ou xurídica legalmente constituída que se dedique á actividade do comercio ao por menor, e reúna os requisitos establecidos na presente ordenanza e demais normativa que lle fose de aplicación.
En cada autorización municipal para o exercicio da venda ambulante en mercado periódico e previa solicitude, poderase habilitar, ademais do seu titular, o cónxuxe deste, aos seus descendentes directos maiores de 16 anos e ás persoas vinculadas a el mediante contrato laboral.
- 2.— As persoas físicas nacionais ou estranxeiras, maiores de idade, e que teñan plena capacidade xurídica e de obrar, con arranxo a lexislación vixente e as prescricións desta Ordenanza obterán unha licenza o que dará dereito a un posto.
- 3.— As persoas xurídicas, ben sexan sociedades cooperativas ou mercantís, obterán unha licenza, o que dará dereito a un posto.

ARTIGO 15.—SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

A solicitude para o exercicio da actividade deberá ser presentada polo interesado, ou representante legal, mediante instancia dirixida ao Ilmo Sr. Alcalde, no rexistro xeral do Concello, facendo constar os datos seguintes:

- a) Nome e apelidos, domicilio, número do documento nacional de identidade ou pasaporte do interesado e teléfono de contacto.
- b) Mercadoría ou mercadorías que vaian expenderse.

- c) O prazo de tempo por que se solicita será de un ano, sempre e cando non se incumpra algún apartado da presente Ordenanza.
- d) Metros cadrados de ocupación tendo en conta o seguinte criterio:

O titular poderá optar a un posto cuxas dimensións máximas son 12 metros de fronte por 3 de fondo. Nas dimensións sinaladas estarán incluídos mostradores, voladizos, toldos e depósito de mercadorías. Non se computará a superficie ocupada pola parte de toldo que permita a circulación de peóns nin estea ocupado por ningún tipo de mercadorías. En todo caso a superficie declarada polo interesado redondearase o número enteiro a alza.
- e) Fotocopia do Documento de identidade ou pasaporte.
- f) Dúas fotografías tamaño carné, unha delas unirase á tarxeta municipal de venda ambulante, que será facilitada polo Concello, a cal deberá estar sempre en lugar visible na parte frontal do posto e durante toda a xornada de venda.
- g) Xustificante de estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.
- h) Xustificante de estar dado de alta e encontrarse ao corrente no pagamento dos impostos municipais correspondentes así como acreditar de non ter débedas no Concello.
- i) Carné de manipulador de alimentos de ser necesario
- j) Reunir tódolos requisitos esixidos pola normativa reguladora da venda ambulante e coñecer as normas ás que axustarse e o seu compromiso de observalas, e de non encontrarse incurso en ningún caso de incapacidade ou de incompatibilidade, establecidas pola lei para o exercicio do comercio, asemade os produtos obxecto de venda se axustarán ao autorizado na Licenza Municipal.
- k) De tratarse de persoas xurídicas en calquera das modalidades sinaladas nesta Ordenanza, deberán acreditar os seguintes extremos: CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.
- l) Terán a obriga de ter concertado unha póliza de seguro de responsabilidade civil de alomenos 150.000 euros, que cubra os posibles danos, aqueles vendedores ambulantes que por causa da colocación de instalacións desmontábeis para o exercicio da venda, puideran causar danos as persoas ou nos bens. Do mesmo xeito estarán obrigados os vendedores de produtos alimenticios en xeral, debendo axuntar recibo de pago correspondente.
- m) Acreditar estar dado de alta no epígrafe correspondente do IAE.
- n) No caso de estranxeiros dispoñer dos permisos de residencia e traballo que en cada caso fosen esixibles.

ARTIGO: 16.—RÉXIME ECONÓMICO.

O interesado na ocupación da vía pública para o exercicio corrente aboará a taxa no momento en que se lle conceda a preceptiva autorización, que terá carácter anual, permitíndose no primeiro ano de aplicación desta ordenanza, que a taxa se abone trimestralmente nos cinco primeiros días hábiles de cada trimestre.

No caso de impago da taxa, entenderase que non se desexa continuar coa actividade, e, na súa consecuencia, perderá os dereitos adquiridos na licenza municipal correspondente, procedéndose á baixa da mesma.

A efectos de liquidación da taxa e para o cálculo da mesma, aplicarase o estipulado na Ordenanza reguladora da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica, tendo en conta os metros cadrados de cada posto segundo o disposto no artigo 15, apartado d. desta ordenanza.

Poderán habilitarse os sistemas de pago que estime o Concello de Pontecesures, incluíndo solucións de pago a través de entidades bancarias e, en xeral, todos aqueles medios axeitados e que poidan facilitar a xestión municipal, incluíndo as novas tecnoloxías actuais ou futuras.

ARTIGO: 17.—REQUISITOS DOS POSTOS DE VENDA.

Para o exercicio do comercio ambulante será necesario o uso de instalacións desmontables ou transportables así como dende os vehículos, incluídos os vehículos-tenda.

Os vendedores están obrigados a manter limpo e nas debidas condicións, durante toda a celebración do mercado periódico o espazo que lles fora asignado. Os refugallo e embalaxes, debidamente atados serán depositados nos colectores correspondentes.

ARTIGO: 18.—CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Os postos previamente delimitados e sinalados, adxudicaranse aos titulares da licenza municipal, tendo en conta os seguintes criterios:

- a) Todos os postos existentes adxudicaranse por orde de antigüidade para o que se creará a correspondente lista de espera. Os que sexan titulares terán preferencia para poder cambiar de posto.
- b) Cando algún posto cause baixa por calquera motivo o mesmo pasará a situación de dispoñible.
- c) Os postos que se encontren dispoñibles, poderanse adxudicar aos solicitantes que reúnan os requisitos ao mesmo.

ARTIGO: 19.—AUTORIZACIÓNS.

A autorización municipal para o exercicio da venda ambulante outorgarase polo órgano competente do Concello.

As licenzas serán persoais e transferibles e terán un período de vixencia dun ano, podendo ser revogada sen dereito a indemnización ou compensación de ningún tipo agás nos seguintes supostos:

Poderá autorizarse o cambio de titularidade da licenza en caso de falecemento, xubilación do titular, ou renuncia expresa deste á licenza concedida, a prol do cónxuxe, fillos, irmáns ou pais, sempre e cando reúnan os requisitos esixidos nesta Ordenanza para ser titulares.

Para a realización deste trámite establecerase a orde de preferencia segundo as normas civís, e no caso de existir varios herdeiros será necesario achegar acordo previo asinado por eles sobre a titularidade da autorización.

O titular da autorización municipal poderá ser substituído por outra persoa por algún dos motivos e polo tempo seguinte, previa xustificación documental e autorización municipal:

- a) Un mes en caso de matrimonio.
- b) En caso de nacemento dun fillo, enfermidade grave, falecemento de parentes ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade, desprazamentos polos motivos anteriores.

En todos os casos anteriores atenderase os prazos e datas que fixe a lexislación social vixente en cada momento.

- c) Para realizar funcións sindicais ou de representación os prazos serán os que fixe a lexislación vixente.
- d) Maternidade ou paternidade (conciliación vida familiar e laboral).
- e) Exercicio de cargo público representativo.
- f) Privación da liberdade mentres non exista sentenza condenatorio.
- g) Viaxes relacionados directamente coa actividade obxecto de licenza.
- h) O tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal.

O substituto deberá reunir os seguintes requisitos:

- a) Estar dado de alta como comerciante autónomo.
- b) Non ser titular no mercado periódico dun posto de venda ambulante.

ARTIGO: 20.—CRITERIOS DE REVOGACIÓN OU EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN.

En caso de ter pechado o posto durante tres días de mercado seguidos, ou seis alternos (estes últimos nun período dun ano), revogarase autorización, logo da correspondente notificación.

A vulneración das normas contempladas no presente regulamento e motivo do inicio do procedemento de revogación da autorización.

O procedemento de revogación será o seguinte:

1. Iniciarase co informe do persoal encargado da vixilancia do mercado onde faga constar a incidencia.
2. Proposta do Concelleiro delegado para iniciar o procedemento.
3. Trámite de audiencia ao interesado comunicando o inicio e o motivo da posible revogación, concedendo un prazo de 15 días para presentar alegacións.
4. Proposta definitiva de derogación ou arquivo do procedemento.
5. Resolución da alcaldía e notificación ó interesado.

Terminado o procedemento e en caso de revogación a alcaldía adoptará as medidas para impedir a actividade derogada.

Non obstante, a administración poderá resolver casos individualizados por enfermidade do titular ou outras causas debidamente xustificadas.

ARTIGO: 21.—AUTORIZACIÓN MUNICIPAL.

O Concello proverá a cada vendedor ambulante dunha tarxeta de identificación que deberá ser mostrada en calquera momento que lle fora requirida polo axente de policía ou autoridades.

A tarxeta será confeccionada polo Concello e permitirá o almacenamento dos seguintes datos:

- 1) Nome e apelidos do vendedor titular e do autorizado.
- 2) D.N.I. ou Pasaporte.
- 3) Domicilio fiscal.
- 4) Fotografía tamaño carné.
- 5) Produto autorizado a venda.
- 5) Período de vixencia da licenza.
- 6) Lugares de venda.
- 7) Datas na que se pode exercer.
- 8) Número de metros do posto.
- 9) Número de vendedor ambulante no rexistro da Xunta de Galicia.
- 10) Número do posto.
- 11) Espazo para o visado polo Alcalde.

ARTIGO 22.—OBRIGACIÓNS DO COMERCIANTE

- 1.— O titular do posto deberá colocar nun lugar visible a tarxeta identificativa.
- 2.— Responderá da calidade e seguridade dos produtos que venda e responsabilizárase dos riscos a saúde nos consumidores e usuarios.
- 3.— No desenvolvemento da súa actividade o comerciante/a deberá observar o disposto na normativa vixente.
- 4.— Os postos que expidan artigos no que sexa necesario o peso ou medida, deberán dispor dunha báscula ou metro regulamentario.
- 5.— Atenderá os requirimentos do persoal municipal, policía municipal ou autoridades competentes.

- 6.— Instalarse nos postos que teñen asignados polo Concello.
- 7.— Cumprir con todas as disposicións que emanen deste Regulamento.
- 8.— Comunicar ao Concello o cambio de enderezo para deste xeito facilitar a comunicación das incidencias do mercado periódico.

ARTIGO 23.—DEREITOS DO COMERCIANTE

- 1.— A ocupar os postos de venda que ten autorizados
- 2.— A exercer pública e pacificamente, no horario e coas condicións establecidas, a actividade de venda autorizada.
- 3.— No caso de supresión do posto do mercado, o/a titular terá dereito preferente no novo empra-zamento e a solicitar a ampliación da superficie asignada sempre que sexa posible na nova ubicación e sen sobrepasar as dimensións recollidas no artigo 16 apartado d.
- 4.— Presentar as reclamacións e suxestións que considere oportunas na defensa dos seus dereitos e intereses.
- 5.— A ser substituídos na titularidade dos posto previa autorización do Concello e cumprindo os requisitos deste regulamento.
- 6.— Dereito a promover e constituír asociacións que os representen.

CAPITULO IV**Réxime disciplinario****SECCIÓN 1ª.—INFRACCIÓNS E SANCIÓN****ARTIGO 24.—O INCUMPRIMENTO DESTAS NORMAS DARÁ ORIXE A INCOACIÓN DO CORRESPONDENTE
PROCEDIMENTO SANCIONADOR, CLASIFICÁNDOSE AS FALTAS EN LEVES, GRAVES E MOI GRAVES:****FALTAS LEVES:**

- a) O incumprimento do horario.
- b) Falta de limpeza no posto.
- c) Non mostrar a requirimento da autoridade competente as autorizacións pertinentes.
- d) O uso de alt falantes ou outros medios acústicos sen autorización.
- e) Colocación de mercadorías fora do espazo asignado.
- f) Producir ruídos ou música que incumpran a Ordenanza de ruídos e vibracións.

FALTAS GRAVES:

- a) A reincidencia ou reiteración en tres ou máis faltas leves. Considérase que existe reiteración cando os feitos antes descritos prodúcense durante dous mercados sucesivos ou tres alternativamente
- b) A venda de produtos distintos aos autorizados.
- c) A venda de produtos en condicións deficientes ou deteriorados.
- d) A instalación do posto en lugar non autorizado.
- e) Ter sido sancionado por incumprimento da normativa relativa ao exercicio da actividade por outra Administración.
- f) Falta da envoltura regulamentaria nos artigos alimenticios á venda.
- g) Falta de aseo, limpeza e hixiene en vendedores, postos e ferramentas, e a non limpeza do lugar unha vez finalizada a actividade do mercado.
- h) Non acreditar mediante factura a procedencia das mercadorías de ser requiridos.
- i) Provocar alteracións de orde público, ou instar a terceiras persoas con ese mesmo fin.
- j) O acceso ou estacionamento de vehículos dos vendedores nas zonas destinadas ao mercado.

FALTAS MOI GRAVES:

- a) A reincidencia ou reiteración en tres ou máis faltas graves.
- b) O desacato aos axentes da autoridade persoal municipal.
- c) Infraccións en materia sanitaria e de consumo.
- d) O exercicio da venda ambulante sen autorización.
- o) O exercicio da actividade por persoa distinta do titular ou persoa autorizada.

ARTIGO: 25.—AS SANCIÓNS A APLICAR SERÁN AS SEGUINTE:

- 1) Por faltas leves:

Multa de 50 euros a 100 euros

- 2) Por faltas graves:

Multa de 101 euros a 200 euros.

- 3) Por faltas moi graves:

- a) Multa de 201 euros a 400 euros

- b) revogación da autorización sen indemnización.

Cando a autorización sexa revogada a consecuencia de infraccións moi graves, o seu titular non poderá obter autorización ningunha durante o prazo de dous anos para o exercicio da actividade no municipio de Pontecesures, sen dereito a reserva do posto.

ARTIGO 26.

Na iniciación de actuacións que poidan dar lugar á incoación de calquera procedemento sancionador por falta grave ou moi grave poderá levar aparelado, como medida preventiva, a retención das mercadorías polos vixiantes encargados da venda ambulante, axentes da Policía Local, ou autoridade competente, cando se realizase a venda ambulante sen autorización, existisen sinais evidentes de fraude na súa venda ou se poña en perigo a saúde ou integridade física dos consumidores ou compradores, de xeito independente ao inicio do expediente sancionador.

SECCIÓN 2ª.—DA ACTUACIÓN MUNICIPAL E INSPECCIÓN.**ARTIGO 27.—DA ACTUACIÓN MUNICIPAL**

O Concello exercerá a intervención administrativa, as funcións de autoridade, policía e inspección en todos aqueles postos situados no mercado, sen prexuízo do labor inspector doutras administracións competentes nas materias relacionadas co mercado.

ARTIGO 28.—INSPECCIÓN MUNICIPAL.

Os servizos municipais correspondentes velarán polo mantemento da orde pública e o cumprimento polos usuarios destas normas, e das que se diten no sucesivo na materia, sendo competencia municipal a inspección e sanción en materia de venda ambulante, sen prexuízo das competencias atribuídas a outras administracións en aplicación da normativa vixente.

Os funcionarios dos servizos municipais que desenvolvan as funcións de inspección, ostentarán a condición de axentes da autoridade, previa acreditación da súa identidade. Os/as vendedores/as estarán obrigados/as a facilitar a inspección das instalacións, subministrar toda clase de información, tanto verbal como documental sobre as mesmas, así como no relativo a produtos e servizos e, en xeral, a colaborar en cantas actuacións sexan precisas.

*SECCIÓN 3ª.—PROCEDIMIENTO SANCIONADOR.**ARTIGO 29.—PROCEDIMIENTO SANCIONADOR.*

O procedemento sancionador iniciárase coa denuncia dos vixiantes encargados da venda ambulante, policía local, axentes de consumo, ou calquera persoa física ou xurídica, ou de oficio.

As infraccións e sancións previstas nesta regulamento prescribirán, si son leves aos seis meses, si son graves ao ano e as moi graves aos dous anos.

O prazo de prescrición das infraccións computarase desde o día en que se cometeron. A prescrición comezará a contar a partires do día seguinte a aquel en que adquire firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

En todo caso, o procedemento sancionador suxeitarase á tramitación prevista nas normas que regulan o exercicio da potestade sancionadora no ámbito local.

*CAPITULO V**Instalacións**ARTIGO 30.*

O mercado deberá contar cunha dotación de infraestrutura e equipamento que garanta as instalacións axustadas ás normas vixentes sobre sanidade, hixiene e medio urbano, cumprindo polo menos coas seguintes esixencias:

- a) O mercado estará montado sobre superficie asphaltada ou empedrada, que deberá estar nas condicións máis idóneas.
- b) Dentro da súa superficie ou anexa inmediata, existirán contedores destinados á recollida dos residuos producidos pola actividade comercial.
- c) Aqueles establecementos, cando fora o caso, deben estar provistos das correspondentes follas de reclamacións e deberán expedir tickets ou facturas das vendas feitas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Para o non disposto nesta ordenanza, seguirase o establecido nas normas de carácter autonómico, estatal ou comunitario que resulten de aplicación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

No caso de retirada, intervención de instalacións, elementos e xéneros polos axentes da Policía Local, procederase ao depósito dos mesmos no lugar que se determine.

Os produtos intervídos de natureza perecedoira depositaranse nas cámaras frigoríficas do Mercado de Abastos por un prazo de 48 horas, e os produtos non perecedoiros serán depositados nas instalacións que o Concello habilite.

Transcorrido o prazo establecido no parágrafo anterior dende a súa intervención, sen comparecer o titular para facerse cargo dos mesmos entenderase que desiste no seu interese e titularidade, podéndose proceder a súa destrución ou darlle outro destino que se considere, sen posibilidade de reclamación ou indemnización algunha.

Mentres se procede a realizar os trámites, os produtos non perecedoiros, trasladaranse á nave de servizos.

Previamente á retirada das mercadorías haberá de aboarse os correspondentes gastos de depósito.

DISPOSICIÓN FINAL.

Este regulamento publicárase no Boletín Oficial da Provincia e non entrará en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorra o prazo previsto no art. 65.2 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

Pontecesures, 26 de marzo de 2014.—O Alcalde, Manuel Luís Álvarez Angueira.

2014002833

* * *

VILAGARCÍA DE AROUSA**A N U N C I O**

Por Resolución desta Alcaldía do día da data dispúxose a delegación na Primeira Tenente Alcalde D^a. M^a Elena Suárez Sarmiento das funcións da Alcaldía durante o período en que me atope ausente, esto é, os días 26 e 27 de marzo de 2014, por ausencia deste titular.

Vilagarcía de Arousa, 25 de marzo de 2014.—Tomás Javier Fole Díaz, O Alcalde-Presidente.

2014002829

* * *

VILANOVA DE AROUSA

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 31 de marzo de 2014, aprobou a Conta Xeral correspondente ó exercicio 2012, de acordo co previsto no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vilanova de Arousa, 1 de abril de 2014.—O Alcalde, Gonzalo Durán Hermida.—O Secretario, Javier Bouzada Romero.

2014003036

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA**JUZGADOS DE PRIMERA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN****De Pontevedra****E D I C T O**

Doña Gema Antolín Pérez, Secretaria del Juzgado de Primera Instancia número cinco de Pontevedra.

Hago saber: Que en el órgano judicial se sigue el procedimiento Expediente de Dominio. Reanudación del Tracto 8/2014 a instancia de doña Barcala Rosa Fariña expediente de dominio de las siguientes fincas:

Finca 35.067 descripción: Urbana.—Piso segundo letra B, destinado a vivienda, situado en la segunda planta alta de la casa de Pontevedra, calle de Pilar Bértola, número doce. Ocupa una superficie de cuarenta y cuatro metros y ocho decímetros cuadrados, distribuida en cocina-comedor, dos dormitorios y cuarto de baño. Linda: Frente, subiendo por la escalera, rellano de escalera y piso letra A de la misma planta y aires de la calle Jofre de Tenorio; izquierda, piso letra C de la misma planta; y fondo, aires de la calle de Pilar Bértola. Su cuota: Siete enteros trescientos treinta y cuatro milésimas por ciento. Es la finca número diez de la propiedad horizontal.